


CATINVA DE TÍ

CRISTINA DURÁN / MIGUEL A. GINER BOU



MINISTERIO DE SANIDADE, POLITICA SOCIAL E IGUALDADE
SECRETARIA DE ESTADO DE IGUALDADE
DELEGACIÓN DO GOBERNO PARA A VIOLENCIA DE XÉNERO

Catálogo xeral de publicacións oficiais
<http://www.060.es>

Edita:

Ministerio de Sanidade, Política Social e Igualdade.
Secretaría de Estado de Igualdade.
Delegación do Goberno para a Violencia de Xénero.

Paseo del Prado 18. 28014 - Madrid
Correo electrónico: violencia-genero@igualdad.mspsi.es
Internet: www.mspsi.es

Coordinación:

Pilar Gómez Muñoz.
Vogal asesora.

Miguel Lorente Acosta.

Delegado do Goberno para a Violencia de Xénero.

Autores:

© Do guión: **Miguel Ángel Giner Bou.**
© Das ilustracións: **Cristina Durán Costell.**

Deseño e maquetación: LaGRUAestudio.

Para a elaboración deste cómic os autores contaron co asesoramento previo de Carmen Castro (SinGénerodeDudas) e coa supervisión da Delegación do Goberno para a Violencia de Xénero.

NIPO: 860-11-033-X



CATIVA DE TI

A HISTORIA DE OLIVA E MARTIÑO
CRISTINA DURÁN / MIGUEL A. GINER BOU

MINISTERIO DE SANIDADE, POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE
SECRETARÍA DE ESTADO DE IGUALDADE
DELEGACIÓN DO GOBERNO PARA A VIOLENCIA DE XÉNERO

CATIVA DE TI

PRÓLOGO

Podería parecer unha trola, ou un conto no canto dunha historia, ou algo afastado ou irreal, coma se a realidade nada tivese que ver cos debuxos que aparecen no cómic, nin os personaxes coas persoas que camiñan á beira nosa, que collen o metro ou o autobús ao tempo que o facemos nosoutros e nosoutras. Porén, asegúrovos que a historia de Oliva e Martiño é ben certa e que os seus personaxes non veñen doutro mundo, nin son produto da imaxinación. Os protagonistas poden ser calquera dos mozos e das mozas cos que vos atopades acotío no patio ou nas aulas, na rúa ou nun centro comercial. Xente coñecida, mozas que acaban cativas de mozos que ao comezo son moi curriños, pero que despois se cren donos delas, que consideran que son súas, algo que lles pertence... e xa non son máis curriños e tórnanse violentos.

Nun estudo que se fixo dende o Ministerio de Igualdade con rapaces e rapazas adolescentes de toda España comprobouse que, aproximadamente, 1 de cada 10 mozas refire ter vivido situacións de maltrato por parte dos mozos cos que saían, e que un pouco máis, 1,3 de cada 10 mozos, recoñecen que o exerceran sobre as súas parellas. Podedes, xa que logo, reparar en que non é tan raro e está máis preto do que pensades. Se cadra pensades que esaxero e vos preguntades qué fixeron eses mozos para que concluamos que maltrataron. Cóntovos, segundo explican eles mesmos, por exemplo, pegáronlles, fixéronas sentir medo, insultáronas ou ridiculizáronas, ou fixéronas crer que non valían un peso. Tamén difundiron imaxes súas ou mensaxes (sms) polo móbil ou por Internet para ofendelas ou humillalas... entre outras cousas. Como podedes comprobar, non se trata de “cousas de nenos”, todo o contrario, son auténticas agresións que forman parte da violencia que sofren as mulleres, tamén as máis novas.

Por iso, é moi importante que coñezades esta violencia e saibades que se presenta envolta pola normalidade e polo corrente, coma se fose algo propio das relacións de parella, ou polo menos, dalgunhas relacións de parella, o cal fai que no canto de ser rexeitada sexa xustificada. Ademais, está moi estendida como puidestes comprobar, lembrade, practicamente un 10% das mozas e dos mozos refiren que a sufriron e exerceron nalgunha ocasión!, e ocorre en calquera lugar, non vaiades pensar que en ambientes de pobreza, conflitos, consumo de alcohol e drogas,... calquera mozo pode exercela se decide facelo, todo depende da súa vontade.

E se isto é así, non vos preguntastes por que hai tantos mozos que a exercen en calquera lugar? Esa é unha boa reflexión. Se unha mesma conduta aparece en circunstancias moi diferentes, quere dicir

que ten que haber algo común a todas elas, algo que non ten que ver con que se a familia gaña máis ou menos diñeiro, se ten máis ou menos cultura, se vive nun barrio ou noutro,... se fose produto dunhas determinadas circunstancias, aparecería ligada a elas. Con todo, non o fai, a violencia contra as mulleres supera todo tipo de barreiras e espazos, transcende situacións e ambientes para presentarse en calquera parella se así o deciden os agresores. Todos teñen as mesmas referencias culturais, e cando falo de cultura non me refiro á manifestación cultural en forma de creación artística, de literatura, pintura, música,... senón aos valores que a cultura nos dá para organizar a nosa convivencia na sociedade e ás funcións e papeis que nos asigna como parte desas referencias para que “me faga un home” e “sexas unha señora muller”. Uns valores que nos din cousas diferentes a mozos e a mozas, e que permiten que algúns deles entendan que deben controlar “a súa moza” como parte do compromiso da relación de parella, para así non quedar en mal lugar e que non crean que son uns xans ou que ela os engana con outros amigos. E lles indican ás mozas que cando “o seu mozo” se pon serio ou lles di que non falen con outros amigos ou amigas, ou cambie a roupa... o fan por amor, porque é celoso e os celos son amor.



E de certo que o fan por amor, pero por amor propio, por egoísmo e por creerse donos dela. Por entender que son eles quen poden establecer límites e criterios de maneira que a relación se adapte ao que unha cultura construída por homes entende que debe ser a relación de parella. Deste xeito, fórmase o engado, e tras del agóchanse as manifestacións máis graves da desigualdade, entre elas a violencia e a discriminación das mulleres, a mesma que di “non che son horas para unha rapariga” ou “ese non é lugar para unha señora”.

Onde hai amor non pode haber violencia, e todo o que sexa impor, limitar, controlar,... a iniciativa dunha moza é violencia porque a obriga a someterse aos ditados dun mozo, e porque dá entrada a que actúe de maneira máis violenta por medio da agresión para corrixir o que el considera que non é axeitado, ou por entender que foi ela coa súa conduta a que atacou a súa posición como home.

Non se quere máis por aguantar estas condutas, nin se é máis home por exercelas, a condición humana artéllase sobre o respecto aos Dereitos Humanos. Se vos atopades en situacións como as que describe a historia do cómic ou coñecedes que se produce na vosa contorna, non quededes coa dúbida, a dúbida sempre atrapa a quen sofre a violencia e reforza o que a exerce, pois o único que fai é prolongar o tempo e as circunstancias que o acompañan. Preguntade, falade do tema, chamade ao 016, pedide axuda e dádea vosoutros, entregádea vosoutras como o fai o grupo de Oliva. Temos que facer unha sociedade mellor e iso significa que nela non pode haber violencia e que debemos pórnos en acción, ninguén pode faltar a esa cita.


Miguel Lorente Acosta
Delegado do Goberno para a Violencia de Xénero.








CRAC!



CRAC!










MORDE O PO, NOXO DE ZOMBI!

****! XA VOLVERON MATARME!

MARTINO, XA TES A CEA!



QUEDAS A CEAR, RICARDO?

NON, NON, XA DIXEN NA CASA QUE IA E NON QUERO PROBLEMAS CO VELLO...



COMO QUEIRAS... POR CERTO, CREO QUE LLE VOU ENTRAR A RAPAZA DO INSTITUTO...

A OLIVA ESA? CAMPA UN MUNDO...



CERTO, BEN QUE ME GUSTA.

E CHE UNHA LERIA, NON DEIXA DE SER O MESMO CONTO CON TODAS...



NON SEL... O VENRES NA FESTA TENTAREI ALGO...

COMO QUEIRAS, PERO AVISADO ESTAS: SON TODAS UNHAS CARGANTES.



RICARDO NON QUEDA QUE HAI DE CEA?

FIXENCHE UN SANDWICH... EU XA CEEI.








E PA?

ESTA MOI ATAREFADO NO BUFETE E CHEGARÁ TARDE...

O DE SEMPRE...

SI, O DE SEMPRE...









ESA SEMANA...



EU PODO LEVAR BEBIDAS...

OLA, RAPACES, QUE FACEDES?



OLA, OLI, ESTAMOS PLANEANDO SÁBADO DE PRAIA E CINEMA.

APÚNTASTE?



OSTRAS! APETECEME UN MUNDO!

DIGOLLO LOGO A MARTIÑO... CONTADE CON NÓS!



OLA, GUAPO, QUE FAS?

MATAR ZOMBIS, APÚNTASTE?

ABOFÉ, ISO NIN SE PREGUNTA...



QUEDAMOS O SÁBADO PARA PRAIA E CINEMA...

O SÁBADO? O SÁBADO TENO PARTIDO...



BEN, EH... POIS IREI EU QUE ME APETECE UN MUNDO...



VAIA... EU CRIA QUE IAS VIR VERNOS...

... E UN PARTIDO MOI IMPORTANTE.

EH... E QUE HAI MOITO QUE NON SAIO CON ELES...



QUE PASA? XA NON XOGAMOS?

E QUE, VAITES OLI, ENMARAÑALO TODO...

XA COMENTARA COS COLEGAS QUE IAS VIR...

TEÑO MOITA GANA DE QUE VENAS...



VERÁS, PODIAS CONSULTARMO ANTES.

VEÑA OLI... E LOGO IMOS AO CINEMA TI E MAIS EU...

PERO VEMOS UNHA DAS NOSAS E NON UNHA DESAS RIDIS QUE LLES GUSTA AOS TEUS AMIGOS...



E POR CERTO... PODES ABROCHARTE UN POUCO? VAS MOI DESTAPADA...

É BROMA, NON É?

DÁLLE, QUE NON CHE CUSTA NADA...



VAIA.

QUE PASA?

ERA OLIVA... ADIVIÑADE.

QUE NON VEN O SÁBADO.

VEÑA, É NORMAL... ESTÁN NA FASE A...

AI PEDRIÑO, PERO QUE CANDOROSO ES, NENO.

PREMIO!



ESTA MA, CÂMPAME ESTA.

E... ESTA?



SI, QUE TES? NON CHE GUSTA?

SI... SI QUE ME GUSTA... E QUE SE ME FAI RARO QUE CHE GUSTE A TI.



POR QUE DIS ISO? QUEDAME MOI BEN.

COMO SEMPRE VAS DE CURTO, CHÓCAME VERTE CUNHA SAIA TAN LONGA...

SAAAAIA OOO... LI... VAA



VEÑA, MA. XA SON MAIOR PARA IR COMO QUEIRA, NON É?

POR QUE NON DEIXAS DE TRATARME COMO UNHA CATIVA?



NON, CARINO, NON É ISO...

E NON EMPREGUES ESE TON CONDESCENDENTE COMIGO...

... NON O ATUORO.



É MARTIÑO... ESTÁ FÓRA AGARDÁNDOME...

MARCHO.

OLIVAAA... ANOXADAAA...



E... E A SAIA?

EU QUE SEI...! POONA POR AÍ!



TEN, PASOVOS A QUENDA...

VOU MEXAR.



SÚBENOS UNS REFRESCOS BEN FRIOS...



SÚBEOS TI, NEN...

EU VOU EN DIRECCIÓN CONTRARIA...



COMO?!



QUE PASA?!

NON PODES FACERNOS ESE FAVOR?!

SI, SE FOSE ABAIXO, PERO NON VOU, PODES FACÉLO TI...



A VER SE O ENTENDES...!

EU PIDOCHE QUE NOS TRAIAS UN REFRESCO E TI TRAELO E PUNTO!

TES GANA DE RIR, NON É?



TEÑO, GANA DE RIR...

FAI O FAVOR DE TRAEER OS **** REFRESCOS E DEIXEMOS XA ESTA LERIA.



À MAÑA SEGUINTE NO INSTITUTO...



016(*): Teléfono de información e asesoramento xurídico en materia de violencia de xénero.





GÚSTACHE?

É FERMOZO, CAROL...



CAROL? HAI TEMPO QUE NON ME CHAMAS ASI... DENDE QUE ERAMOS CATIVAS...

LEMBRAS AQUELA CADELIÑA?

LARACROF!

COMO PODER ESQUECELA?



VAIA MEDO PASAMOS.

PASAMOS, LEMBRAS QUE QUEDACHES PARALIZADA?

XA, XA...



É QUE... EH... NON SEI COMO TE VEXO, OLIVA...

CADA VEZ ESTÁS MAIS DISTANTE, AFASTADA DOS TEUS AMIGOS...



**** CAROLINA! TI TAMÉN?!

PREOCÚPOME POR TI...

POIS DEIXA DE FACELO QUE XA SON UNHA NENA GRANDE...

VEÑA, OLIVA...



MIRA, O NOSO É ALGO MOI ESPECIAL...

VÓS NON PODEDES ENTENDER O QUE NOS SENTIMOS.

SOBRE TODO TI... QUE NUNCA PODERÁS CONSEGUIR UNHA PARELLA ASI..

A QUE TE REFIRES?


INDA FAI FALLA QUE CHO EXPLIQUE?



VEEENA...

BLUN!







E, NON O PERDADES...



BULIDE, MARCHAN, OS DO FÚTBOL MARCHAN...




... E ADEMAIS TEMOS QUE ESTUDAR QUE É FINAL DE CURSO...



VIDE AQUI SE TEDES****!











PERO QUE **** LLES CONTACTES AOS MEUS PAIS?!

ACOUGA, OLIVA...



QUE ACOUGUE?! OS MEUS PAIS MANDANME A IRLANDA TODO O VERÁN!

AGORA QUE PLANEARA AS VACACIONS CON MARTINO...

ESTÁ BEN, SINTOO, NON DEBIN IR CO RUXERRUXE AOS TEUS PAIS...



PERO É QUE NON O VES, XA NON ES TI, PARECE QUE FUCHES ADUCIDA...



ISO É ASUNTO MEU!! E TI NON TES POR QUE METER OS FOCIÑOS!!

XA CHO DIXEN, ES A MIÑA AMIGA E PREOCÚPOME POR TI...

POIS A PARTIR DE AGORA TERAS QUE PREOCUPARTE POR BUSCAR UNHA NOVA AMIGA QUE ATURE AS TÚAS PARVADAS...



ISO NON ME CHISTOU NADA...

O QUE PASA É QUE NOS TES ENVEXA E NON PODES CON ISO.



SE TAN BEN TE LEVAS CON EL POR QUE NON LLE PREGUNTAS POLO SÁBADO A NOITE?



O SÁBADO? FORON XOGAR FÓRA...

ESTÁS SEGURA? POR QUE NON LLO PREGUNTAS?



XA NON ES A MESMA OLIVA, XA NON TES SANGUE...

ES... ES COMO A CADELIÑA AQUELA QUE MIRABA AMEDRENTADA O SEU AMO...



ASI ES TI CANDO ESTÁS CON MARTINO...

E ISO... DE CERTO QUE NON É AMOR...



VAI CAGAR!





ESCOITA, AS TÚAS PARVADAS ESTÁN COMEZANDO A ENCHERME...

AGORA VAS DICIRME QUEN CHE FOI CO CONTO!



E LOGO QUE VAS FACER? "AXUSTARME AS CONTAS"?



POIS NON SERÁ PORQUE NON O MERECE...



DIME, QUEN FOI? QUEN CHO CONTOU?



RAQUEL?

O MOURO?

CAROLINA?



CLARO, CAROLINA...



ESA ENTREMETIDA DOS *****!



POIS VAI VER QUEN SON EU!



CA... CAROL...











Estudo sobre Igualdade e Prevención da Violencia de Xénero
na Adolescencia en:

www.mpsi.es



Cristina Durán (1970) y Miguel Ángel Giner Bou (1969) son licenciados en Belas Artes na especialidade de Debuxo pola Facultade de Belas Artes de San Carlos de Valencia, UPV. En 1993, crean LaGRUAestudio, onde traballan dende aquela dedicados profesionalmente ao cómic e á ilustración tanto editorial como publicitaria. En 2009, Ediciones Sins Entido publica a súa novela gráfica UNA POSIBILIDAD ENTRE MIL. En marzo de 2010, a editorial Dargaud editaa tamén no mercado na súa tradución ao francés, co título UNE CHANCE SUR UN MILLION. Esta obra queda finalista no Premio Nacional de Cómic 2010 que outorga o Ministerio de Cultura e, en 2011, recibe o seu 2º premio en Francia no 1er Trophée “les Bds qui font la Différence”.

www.lagruaestudio.com
www.unaposibilidadentremil.com

CATIVA DE TI

A HISTORIA DE OLIVA E MARTIÑO

“Podería parecer unha trola, ou un conto no canto dunha historia, ou algo afastado ou irreal, coma se a realidade nada tivese que ver cos debuxos que aparecen no cómic, nin os personaxes coas persoas que camiñan á beira nosa, que collen o metro ou o autobús ao tempo que o facemos nosoutros e nosoutras. Porén, asegúrovos que a historia de Oliva e Martiño é ben certa e que os seus personaxes non veñen doutro mundo, nin son produto da imaxinación. Os protagonistas poden ser calquera dos mozos e das mozas cos que vos atopades acotío no patio ou nas aulas, na rúa ou nun centro comercial. Xente coñecida, mozas que acaban cativas de mozos que ao comezo son moi curriños, pero que despois se cren donos delas, que consideran que son súas, algo que lles pertence... e xa non son máis curriños e tórnanse violentos...”

Do Prólogo de Miguel Lorente Acosta
Delegado do Goberno para a Violencia de Xénero

